



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 23 de abril de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e tres de abril de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(268).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 16 de abril. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(269).- PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS DE MANTENIMENTO DA APLICACIÓN EXTERNA DE XESTIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES (ESTATÍSTICA). EXPTE. 8961/113.**

Visto o informe xurídico do 14/04/2020 e informe de fiscalización do 16/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 08/04/2020, asinado pola adxunta á Xefatura do Servizo, o xefe do Servizo de Admón. Electrónica, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. Antecedentes

O Contrato para o Mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (Estatística), foi adxudicado mediante procedemento negociado sen publicidade, por acordo da XGL do 20/06/2018 á empresa *T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*, por un prezo total do contrato de 101.621,85 euros, incluíndo un IVE de 17.636,85 euros, segundo o seguinte detalle por partidas e exercicios:

| Partida       |            | Exercicio | IVE                | Base               | Importe total       |
|---------------|------------|-----------|--------------------|--------------------|---------------------|
| 9207.2279902  | Mantemento | 2018      | 2.519,12 €         | 11.995,81 €        | 14.514,93 €         |
| 9207.2279901  | Horas      | 2018      | 7.392,00 €         | 35.200,00 €        | 42.592,00 €         |
| 9231.2279901  | Horas      | 2018      | 2.603,31 €         | 12.396,69 €        | 15.000,00 €         |
|               |            |           |                    |                    |                     |
| 9207.2279902  | Mantemento | 2019      | 2.519,12 €         | 11.995,81 €        | 14.514,93 €         |
| 9231.2279901  | Horas      | 2019      | 2.603,31 €         | 12.396,69 €        | 15.000,00 €         |
| <b>Totais</b> |            |           | <b>17.636,86 €</b> | <b>83.985,00 €</b> | <b>101.621,85 €</b> |

O contrato rematará 27 de xullo de 2020 (dous anos contados a partir do día seguinte a última sinatura dixital).

## II. Fundamentos de dereito

1. O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

2. Neste contrato resulta que:
  - o Na cláusula 7 "Prazo de execución", do PCAP, figura que: "*O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista*".
  - o No apartado 4.C das FEC figura: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: si, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha*".



## Concello de Vigo

- O contratista, manifestou por escrito o día 15-10-2019 o seu interese en proceder coa prórroga do contrato das aplicacións do PMH, mediante o documento co nº de rexistro 190160636.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2019
- No apartado 13 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que “As cantidades a aboar en concepto de mantemento de software faranse efectivas durante o primeiro trimestre do exercicio, ou no seu caso do inicio do contrato”.
- Respecto ás horas de asistencia prevese que van ser consumidas no exercicio actual.

### 3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 29.514,93 euros, dos cales 5.122,43 € corresponden ao IVE.

### 4. Financiamento:

Os contratos de mantemento de *software* páganse por anticipado ao inicio do período de prestación, e neste caso tamén se prevé se precisen todas as horas de asistencia neste exercicio, por iso, aínda que a prórroga das licenzas remate no 2021, o aboamento realizarase no exercicio 2020 e por tanto financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| <i>Partida</i> |            | <i>Exercicio</i> | <i>IVE</i>        | <i>Base</i>        | <i>Importe total</i> |
|----------------|------------|------------------|-------------------|--------------------|----------------------|
| 9207.2279902   | Mantemento | 2020             | 2.519,12 €        | 11.995,81 €        | 14.514,93 €          |
| 9231.2279901   | Horas      | 2020             | 2.603,31 €        | 12.396,69 €        | 15.000,00 €          |
| <i>Totais</i>  |            |                  | <i>5.122,43 €</i> | <i>24.392,50 €</i> | <i>29.514,93 €</i>   |

5. A empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., no transcurso do período contractual inicial desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento das aplicacións de Estatística para a xestión do Padrón Municipal de Habitantes (PMH) do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "*En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*"

## PROPOSTA

1. Autorizar a primeira prórroga do contrato para o Mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (Estatística) -expediente 8440/113- polo período dun ano, conforme o TRLCSP e o apartado 4.c das FEC do PCAP do contrato, á empresa *T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*
2. Autorizar o gasto de 29.514,93 euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| <i>Partida</i> | <i>Exercicio</i> | <i>IVE</i>        | <i>Base</i>        | <i>Importe total</i> |
|----------------|------------------|-------------------|--------------------|----------------------|
| 9207.2279902   | 2020             | 2.519,12 €        | 11.995,81 €        | 14.514,93 €          |
| 9231.2279901   | 2020             | 2.603,31 €        | 12.396,69 €        | 15.000,00 €          |
| <i>Totais</i>  |                  | <i>5.122,43 €</i> | <i>24.392,50 €</i> | <i>29.514,93 €</i>   |

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(270).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “COMEDORES ESCOLARES Y ACCESO A LA EDUCACIÓN PARA NIÑOS EN SITUACIÓN DE EXTREMA POBREZA EN CAJAMARCA (PERÚ)”. EXPTE. 197757/301.**

Visto o informe de fiscalización do 16/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 07/04/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. En data 27.02.2020 (Código solicitude W420993-2313; Doc. nº 200032917), a Asociación «AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» presentou no Rexistro electrónico



## Concello de Vigo

do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento en 2020 do proxecto: "COMEDORES ESCOLARES Y ACCESO A LA EDUCACIÓN PARA NIÑOS EN SITUACIÓN DE EXTREMA POBREZA EN CAJAMARCA (PERÚ)", co que se pretende acadar os seguintes obxectivos:

- 1) Combatir a pobreza extrema
- 2) Poñer fin a todas as formas de malnutrición facendo que os/as nenos/as teñan acceso a unha alimentación nutritiva proporcionándolles unha comida equilibrada na escola.
- 3) Potenciar a educación de calidade en todos os ciclos educativos.
- 4) Axudar ó emponderamento da muller que contribúa a xenerar riqueza e evitar migracións.
- 5) Apoiar o crecemento económico e a creación de emprego digno.

I.2. Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Proxecto/Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais (constan no Exp. nº 182083/301; Doc. nº 190055402), acreditación da representación, NIF, certificación bancaria actualizada, declaración responsable de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 06.04.2020, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor de «AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» para a execución dese proxecto.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

### III. INFORME

III.1. En setembro de 2015 as NNUU aprobaron a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes oficiais dos 193 Estados membros, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial. Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substitúe á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000.

Un dos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS), no marco da Axenda 2030, asumida tanto polo «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» como polo «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» é o de poñer fin á fame (“FAME 0”), acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible. Preténdese poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia



## Concello de Vigo

cia e velar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable.

III.2. A «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» manifesta a súa intención de contribuír a lograr o cumprimento dos ODS coincidindo coa visión expresada na Axenda 2030 de “*Conseguir un mundo onde non se deixe a ninguén atrás*”, o que pasa por erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, poñendo fin a todas as formas de malnutrición e facendo que todos os/as nenos/as teñan acceso a alimentos nutritivos, fomentando tamén que os fogares e as comunidades produzan alimentos para o seu autoconsumo de maneira sostible.

III.3. Tal como se indica na Memoria presentada por esta Asociación: *«Nuestro proyecto hace especial hincapié en los siguientes Objetivos de Desarrollo Sostenible:*

*1- Fin de la pobreza*

*2- Hambre cero*

*4- Educación de calidad a lo largo de toda la vida y en todos los ciclos educativos*

*5- Igualdad de género*

*6- Agua limpia y saneamiento*

*8- Trabajo digno y crecimiento económico. Apoyar la creación de empleo digno y el florecimiento de todo tipo de empresas».*

III.4. O impacto agardado do proxecto subvencionado é a melloría na saúde da poboación infantil que asiste ós comedores e a diminución da desnutrición e a anemia, mellorando así o seu desenvolvemento físico e psicolóxico. Tamén, a través da formación académica, agárdase lograr unha melloría social e económica que repercuta no alumnado e nas súas familias e comunidades. As familias beneficiarias directas deste proxecto serían, aproximadamente, unhas 500.

III.5. O orzamento estimado por «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» para levar a cabo este proxecto humanitario en 2020 é de 81.700€ e o importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo de 20.000€, que destinará a *«sufragar los gastos de alimentos de dos nuevos comedores en las escuelas “Ciro Alegría Bazán” que cuenta con 83 alumnos y “José Cabellos” en Huañambra provincia de Celendín con un total de 50 estudiantes. Los profesores de ambas escuelas y los padres y madres que acuden semanalmente a preparar los alimentos, contarán también con el almuerzo. Esto supondrá aproximadamente unos 28.000 almuerzos al año (...) Además de estos comedores queremos atender a una estudiante de Celendín (...) Esta joven quiere estudiar el grado medio de Administración en Celendín lo que supondría para ella y su hijo de cuatro años, una gran ayuda ya que al carecer de formación académica es muy complicado encontrar un trabajo digno que le permita sacar adelante a su hijo...».*

III.6. Nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa de 20.000€ a favor desta Asociación con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 (“*Convenios Aulas Abertas*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrucción e ó restablecemento institucional.

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrncia no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

III.7. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.8. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).





## Concello de Vigo

- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribido o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.9. No proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» xustifícase expresamente a súa coherencia coas políticas de acción humanitaria do Estado contidas no «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021». Tamén resultaría coherente coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, concretadas hoxe no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se inclúe a Perú dentro dos países prioritarios desa cooperación na área de América do Sur, xunto con Bolivia e Ecuador.

III.10. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de

crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.11. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

III.12. Pola materia obxecto desta subvención (execución dun proxecto humanitario de mellora da alimentación e acceso á educación para nenos/as en situación de extrema pobreza en Cajamarca – Perú) e a finalidade perseguida, enmarcada nos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) e da Axenda 2030 (conseguir que eses/as nenos/as teñan acceso a unha alimentación nutritiva proporcionándolles unha comida equilibrada na escola, potenciar a educación de calidade en todos os ciclos educativos, axudar ó emponderamento da muller e apoiar o crecemento económico e a creación de emprego digno), enténdese que a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa “*Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)*”, do 20.03.2020 (Exp. nº 788/1102).

#### IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,  
«ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a concesión dunha subvención directa (nominativa) á «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES», por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación coa protección do interese xeral.

SEGUNDO.- Conceder á «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES» unha subvención directa por importe de 20.000€ (VINTE MIL EUROS) para o desenvolvemento en 2020 do proxecto: “COMEDORES ESCOLARES Y ACCESO A LA EDUCACIÓN PARA NIÑOS EN SITUACIÓN DE EXTREMA POBREZA EN CAJAMARCA (PERÚ)”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo (Exps. núms. 197727/301 e 196483/301).



## Concello de Vigo

TERCEIRO.- Aprobar e autorizar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.09 (“*Convenios Aulas Abertas*”) dos orzamentos vixentes, a favor da «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES», NIF G27794445.

CUARTO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

QUINTO.- A concesión desta subvención rexerá polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto da «Asociación AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES»: “COMEDORES ESCOLARES Y ACCESO A LA EDUCACIÓN PARA NIÑOS EN SITUACIÓN DE EXTREMA POBREZA EN CAJAMARCA (PERÚ)”, no ano 2020, co que se pretende combatir a pobreza extrema, poñer fin a todas as formas de malnutrición facendo que os/as nenos/as teñan acceso a unha alimentación nutritiva proporcionándolles unha comida equilibrada na escola, potenciar a educación de calidade en todos os ciclos educativos, axudar ó emponderamento da muller que contribúa a xenerar riqueza e evitar migracións e apoiar o crecemento económico e a creación de emprego digno.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: as persoas beneficiarias directas da axuda municipal serán os/as nenos/as da provincia de Cajamarca que asisten a estes comedores escolares. As familias beneficiadas serán, aproximadamente, unhas 500.

3º.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (20.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.09 (“*Convenios Aulas Abertas*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4º.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

Dacordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2020 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª) Xustificación técnica: indicará co máximo detalle posible as actividades realizadas, obxectivos acadados e resultados obtidos.

2ª) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarse mediante conta xustificativa que incluíra a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.

A xustificación técnica incluíra:

- a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- b) Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto.

A xustificación económica comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A conta xustificativa será con entrega de informe de auditor/a, que incluíra:

- a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.



## Concello de Vigo

- b) (De ser o caso) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado.
- c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- d) Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española. Tamén poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se leve a cabo o proxecto, sempre que no país de referencia exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola normativa aplicable.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

*7ª.- Protección de datos:* en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis infor-

mación na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **4(271).-RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA DE DENEGACIÓN AXUDAS – «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2019-2020»).** EXPTE. 185696/301.

Visto o informe de fiscalización do 20/04/20, dáse conta do informe-proposta do 14/04/2020, asinado pola diplomada en Traballo Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

### I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 30.05.2019, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2019-2020», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 185696/301).

I.2. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2019 consignárase unha cantidade por importe de 1.200.000 € destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades



## Concello de Vigo

sociais (aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*”), realizándose posteriormente unha ampliación orzamentaria para as axudas de comedor.

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 107, do 06.06.2019 e o extracto da convocatoria no BOP n.º 125 do 02.07.2019.

I.5. Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.903 alumnos solicitaron libros e material escolar e 4.102 comedor, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.

I.6. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 31.10.2019).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 15.11.2019 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

### **PRIMEIRO: Axudas municipais de libros e material escolar, curso 2019-2020:**

1.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.294 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 109.990,00 € (= 1.294 x 85€) realizarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 201900037258 e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I concedida, que comeza co expediente núm. 3605713004420 e remata co núm. 3605716003912.

1.2. CONCEDER a incorporación a lista de agarda aos 51 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, e que serán concedidas a medida que exista crédito orzamentario.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I lista de agarda, que comeza co expediente núm. 3605723003989 e remata co núm. 3605716004158.

1.3. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 558 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605702003489 e remata co núm. 3605715004890, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

## **SEGUNDO: Axudas municipais escolares de comedor, curso 2019-2020:**

2.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.152 alumnas/os que reúnen os requisitos (LSG e base 6ª), que se pagarán con cargo á aplicación orzamentaria e a súa bolsa de vinculación 2310.481000 (72.827,58€), RC 201900037259 (375.780,80€) e RC 20190006044 (37.304,42€).

Para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor 2020 (xaneiro-xuño) existe crédito de 728.868,80€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 201900037260 (719.219,20€) que se propón ampliar en 9.649,60€.

As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II concedida, que comeza co expediente nº 3605714004299 e remata co nº 3605721004083.

2.2. CONCEDER a incorporación a lista de espera aos 38 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, e que serán concedidas a medida que exista crédito orzamentario.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II lista de agarda, que comeza co expediente núm. 3605702003680 e remata co núm. 3605704003301.

2.3. DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 912 alumnas/os que figuran no Anexo II denegada, que comeza co expediente núm. 3605716003696 e remata co nº 3605715004890 por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

**TERCEIRO:** Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS).

**CUARTO:** Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra aquel acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe.





## Concello de Vigo

### II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 15.11.2019, desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producese a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen

prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración, propón DESESTIMAR expresamente os recursos que se relacionan no ANEXO I, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36065047-N (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 53188566-P (nº 26), toda vez que o acordo da XGL impugnado resulta axustado ás Bases do Programa de axudas e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos e ESTIMAR os relacionados no ANEXO II, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º AV493708 (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36175634S (nº 21), polas razóns que en cada caso se indican.

III.6. O 08.04.2020 emitiuse informe de fiscalización favorable por parte da Intervención xeral municipal, indicando tamén que: «*Considerando a declaración do estado de alarma efectuada polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e ante a suspensión de prazos prevista no Real Decreto 463/2020, modificado polo Real Decreto 465/2020 debe terse en conta que para \_\_\_ continuación do expediente máis alá da estricta tramitación interna, é precisa resolución \_\_\_ motivada á que se refire a D.A. 3 do RD 463/2020 de 14 de marzo...».*

Loxicamente, tendo en conta a data da proposta do Servizo de Benestar Social, asinada os días 12 e 13 de marzo que foi obxecto de fiscalización o 08.04.2020, anterior polo tanto á suspensión de trámites e prazos acordada polo RD.463/2020, do 14 de marzo e disposicións concordantes, tal motivación non puido incluírse naquela proposta á XGL (trámite nº 259 do Exp. nº 185696/301).

III.7. En consecuencia, complétase agora aquela proposta informando que, agás mellor criterio en contra, pola materia obxecto deste expediente (resolución de recursos de reposición relativos a axudas escolares municipais de libros, material escolar e bolsas de comedor), a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4). No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa “*Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)*”, do 20.03.2020 (Exp. nº 788/1102).

#### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración (Acta do 26.02.2019), propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,



## Concello de Vigo

### «ACORDO

PRIMEIRO: Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a resolución dos recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 15.11.2019, polo que se resolveu a convocatoria de «AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2019-2020», por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación coa protección do interese xeral e o funcionamento básico dos servizos sociais.

SEGUNDO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 08.11.2018 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «Bases reguladoras para a concesión de Axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2019-2020» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reñados na Base Sexta. O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36065047-N (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 53188566-P (nº 26).

### ANEXO I- DESESTIMADOS

|           | <b>DNI</b> | <b>NÚMERO</b> | <b>DATA</b> | <b>MOTIVO</b> |
|-----------|------------|---------------|-------------|---------------|
| <b>1</b>  | 36065047N  | 190179945     | 18/11/19    | f             |
| <b>2</b>  | Y5238918S  | 190185171     | 25/11/19    | e             |
| <b>3</b>  | 36159807N  | 190189508     | 29/11/19    | f             |
| <b>4</b>  | Y3920447L  | 190182273     | 20/11/19    | f             |
| <b>5</b>  | 36164953Y  | 190184029     | 22/11/19    | f             |
| <b>6</b>  | 36030752X  | 190189075     | 29/11/19    | f             |
| <b>7</b>  | 36096035L  | 190190086     | 02/12/19    | f             |
| <b>8</b>  | 76705516X  | 190181675     | 19/11/19    | f             |
| <b>9</b>  | 36102274W  | 190181286     | 19/11/19    | f             |
| <b>10</b> | 5318100D   | 190186212     | 26/11/19    | f             |
| <b>11</b> | 36162750B  | 190187927     | 28/11/19    | f             |
| <b>12</b> | 36143316N  | 190194104     | 10/12/19    | f             |
| <b>13</b> | 32681280M  | 190188182     | 29/11/19    | f             |
| <b>14</b> | 36136190Q  | 190182270     | 20/11/19    | f             |
| <b>15</b> | 36137756H  | 190181242     | 19/11/19    | f             |
| <b>16</b> | 36146306N  | 190185834     | 26/11/19    | f             |

|           | <b>DNI</b> | <b>NÚMERO</b> | <b>DATA</b> | <b>MOTIVO</b> |
|-----------|------------|---------------|-------------|---------------|
| <b>17</b> | 36099620Q  | 190189505     | 29/11/19    | f             |
| <b>18</b> | 36150173S  | 190180242     | 18/11/19    | f             |
| <b>19</b> | 36077504A  | 190191018     | 03/12/19    | f             |
| <b>20</b> | 36137448D  | 190181684     | 19/11/19    | f             |
| <b>21</b> | 36164418T  | 190179825     | 18/11/19    | f             |
| <b>22</b> | 36139232E  | 190181026     | 19/11/19    | f             |
| <b>23</b> | 36082577Q  | 190189068     | 29/11/19    | f             |
| <b>24</b> | Y364727W   | 190181702     | 19/11/19    | d             |
| <b>25</b> | 77002237P  | 190194951     | 10/12/19    | f             |
| <b>26</b> | 53188566P  | 200007164     | 17/01/20    | f             |

Requisito incumplido (Base 6ª):

(a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroadada no Concello de Vigo.

(d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

(e) Que a solicitude e o resto da documentación necesaria estea presentada durante os prazos estipulados.

(f) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM.

(g) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.

TERCEIRO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º AV493708 (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36175634S (nº 21). O gasto que comportaría a estimación dos recursos de becas de comedor financíase con cargo ás baixas producidas neste Programa de axudas. O gasto que comporta a estimación dos recursos de becas de libros e material escolar (850,00€) aboarase con cargo a aplicación orzamentaria.

|          | <b>DNI</b> | <b>NÚMERO</b> | <b>DATA</b> | <b>MOTIVO</b> | <b>LIBROS: IM-<br/>PORTE</b> | <b>COMEDOR:<br/>IMPORTE</b> |
|----------|------------|---------------|-------------|---------------|------------------------------|-----------------------------|
| <b>1</b> | AV493708   | 190182585     | 20/11/19    | 1             | 0,00 €                       | 41,00 €                     |
| <b>2</b> | 53186153X  | 190192010     | 04/12/19    | 1             | 85,00 €                      | 41,00 €                     |
| <b>3</b> | 34628149Q  | 190180360     | 18/11/19    | 2             | 85,00 €                      | 0,00 €                      |
| <b>4</b> | 36150249E  | 190180438     | 18/11/19    | 4             | 0,00 €                       | 41,00 €                     |
| <b>5</b> | 03128010X  | 190184732     | 22/11/19    | 1             | 0,00 €                       | 41,00 €                     |
| <b>6</b> | 76902319W  | 190180088     | 18/11/19    | 1             | 85,00 €                      | 0,00 €                      |
| <b>7</b> | 52498447G  | 190185289     | 25//11/19   | 1             | 85,00 €                      | 0,00 €                      |
| <b>8</b> | 36116100M  | 190180928     | 19/11/19    | 1             | 0,00 €                       | 82,00 €                     |



## Concello de Vigo

|              | DNI       | NÚMERO    | DATA     | MOTIVO | LIBROS: IM-<br>PORTE | COMEDOR:<br>IMPORTE |
|--------------|-----------|-----------|----------|--------|----------------------|---------------------|
| 9            | 53193314H | 190194144 | 10/12/19 | 1      | 0,00 €               | 41,00 €             |
| 10           | 44448989S | 200004570 | 13/01/19 | 1      | 85,00 €              | 0,00 €              |
| 11           | 36164332Y | 190181963 | 20/11/19 | 1      | 0,00 €               | 82,00 €             |
| 12           | Y2145119S | 190190584 | 02/12/19 | 1      | 85,00 €              | 0,00 €              |
| 13           | 36169490N | 190181228 | 19/11/19 | 1      | 85,00 €              | 0,00 €              |
| 14           | 36149303L | 190183165 | 21/11/19 | 1      | 0,00 €               | 41,00 €             |
| 15           | Y6629587N | 190181155 | 19/11/19 | 1      | 85,00 €              | 0,00 €              |
| 16           | 01845025B | 200010623 | 22/01/20 | 1      | 0,00 €               | 82,00 €             |
| 17           | 36172528Z | 190198779 | 08/01/20 | 1      | 0,00 €               | 41,00 €             |
| 18           | 77402770L | 190193923 | 10/12/19 | 1      | 0,00 €               | 41,00 €             |
| 19           | 54920435T | 190182269 | 20/11/19 | 1      | 85,00 €              | 0,00 €              |
| 20           | 54304930K | 190181652 | 29/11/19 | 1      | 0,00 €               | 41,00 €             |
| 21           | 36175634S | 190188776 | 29/11/19 | 1      | 85,00 €              | 41,00 €             |
| <b>TOTAL</b> |           |           |          |        | <b>850,00 €</b>      | <b>615,00 €</b>     |

- (1) Corrección de erro material.
- (2) Presenta certificado de discapacidade con validez en período ordinario.
- (3) Deterioro situación económica.
- (4) Presenta sentenza de violencia de xénero con validez en período ordinario.

CUARTO: Aprobar o gasto de 850,00€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*” dos orzamentos de 2020, para realizar o pagamento das seguintes axudas de libros e material escolar incluídas no Anexo II .

QUINTO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(272).-PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN “REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS”, NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 17045/77.**

Visto o informe de fiscalización do 13/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/04/2020, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de , polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” (G36928646) mediante escrito con rexistro de entrada do día 14 de xaneiro de 2020 (núm. Doc.:200005824), solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio no marco do Plan de Emprego que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, xuntando a seguinte documentación:

- solicitude da Xunta Directiva da entidade para o inicio do convenio.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartados 2 e 3 da Lei de Subvencións de Galicia;
- declaración responsable de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- certificación da secretaria da entidade acreditativa dos datos da presidenta, dona María Rosario Otero Rodríguez, que actúa con poder bastante para actuar en nome da asociación e para a sinatura do presente convenio.
- declaración responsable de non ter solicitadas nin concedidas outras axudas para a mesma finalidade
- declaración responsable que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 13/11/2019.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 14/11/2019.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 13/11/2019
- datos da titularidade da conta bancaria.
- Orzamento estimado de ingresos e gastos do proxecto subvencionado
- Programa de actividades
- Copia dos contratos de traballo rexistrados na Oficina de Emprego.

II. A devandita asociación consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 870-04.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800007 “CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS”, cunha dotación de 50.000,00 €.



## Concello de Vigo

IV. En data 27 de xaneiro de 2020, o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar o expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 31/01/2020, do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VI. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, achega memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

VII. Con data 13/04/2020, o servizo de Intervención fiscaliza a proposta de conformidade, indicando, non obstante, que para a continuación do expediente máis alá da estrita tramitación interna, é precisa resolución motivada á que se refire a D.A . 3 do RD 463/2020 de 14 de marzo, polo que, se procede a motivar a proposta no sentido requirido.

VIII. Con data 13/04/2020, a través do documento co número de rexistro de entrada 200048789, a entidade beneficiaria achega declaración de conformidade coa non suspensión de prazos.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" (G36928646), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, no marco do plan municipal de emprego para a contratación de catro postos de traballo (1 Licenciada en dereito cunha xornada do 100%, 1 Administrativa cunha xornada do 100%, 1 Diplomada en Traballo Social cunha xornada do 50,00 %, 1 Licenciada en Psicoloxía cunha xornada do 50%) desde o 03/02/2020 ata o 30/09/2020 para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

#### II. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Fermín Losada Álvarez.

Pola outra parte, asinará o convenio dona María Rosario Otero Rodríguez, con DNI 36012710T, en calidade de presidenta da asociación.

### **III. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Xustifícase a competencia municipal con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

Cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### **III. Procedemento de concesión directa:**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axen-





## Concello de Vigo

cia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de febreiro de 2020 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **IV. Contía total e crédito orzamentario:**

Tendo en conta a necesidade de mellorar e dinamizar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, ademais do coñecemento da situación destas mulleres, e sendo a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” a única entidade sen ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de **46.660,25 €** (45.970,69 € de custes salariais e 689,56 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto **(01/02/2020 ao 30/09/2020)**.

Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os/as traballadores/as directa ou indirectamente beneficiarios/as da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresa-

raseda unha vez se teña xustificada a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

#### **V. Normativa de aplicación:**

A teor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### **VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=g.a>.

Explicítase no pacto décimo a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

### **VII. Publicidade:**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

### **VIII. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-

administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

#### **X. Motivación da tramitación do procedemento, conforme a Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020 de 14 de marzo:**

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma pola situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Non obstante, dita regra xeral admite excepcións, entre outros supostos, para a continuación daqueles procedementos administrativos motivados nunha necesidade vinculada directamente a feitos do estado de alarma, ou indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020).

Ante as novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, especialmente en determinadas situacións de vulnerabilidade social e económica, debe facerse fincapé nas dificultades que atravesan as mulleres vítimas de violencia de xénero, mais acentuadas aínda no actual contexto, tendo en conta, entre outras circunstancias, as vixentes obrigas de confinamento, polo que, a súa protección está a ser obxecto dunha atención especial e prioritaria por parte de distintas administracións públicas.

En liña co anterior, e no ámbito municipal, a Resolución de Alcaldía do Oitavo Paquete de Medidas COVID-19, de data 19/03/2020 dispuxo, no seu apartado 2º: *“Instar á Concellería Delegada de Comercio, á adopción de medidas para garantir o aloxamento das persoas derivadas polas Concellerías de Benestar, por atoparse en risco de exclusión social e de Igualdade, para as mulleres vítimas e violencia de xénero”*

Por outra banda, no expediente consta a manifestación, pola entidade beneficiaria da axuda, da súa conformidade coa non suspensión de prazos, realizada a través do documento co núm. de rexistro 200048789 (13/04/2020)

Polo tanto, na tramitación do procedemento correspondente ao “Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no marco do fomento do emprego para a potenciación do acompañamento e apoio ás vítimas de violencia de xénero”, se propón exceptuar a regra xeral de suspensión dos prazos administrativos establecida no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, modificado polo Real Decreto 465/2020, previa manifestación, pola interesada, da súa conformidade, conforme ao sinalado na NOTA INFORMATIVA SUSPENSIÓN DE PRAZOS ADMINISTRATIVOS da Secretaría de Goberno Local, de data 20/03/2020 (expte. 788/1102), motivándose a súa procedencia, tanto na necesidade de protexer o interese xeral coma no fin de evitar prexuízos nos dereitos e intereses do interesado derivados da non formalización do convenio.

Polas razóns expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 13/04/2020, considerando que o interesado manifestou a súa conformidade coa continuación da tramitación do expediente, de acordo co disposto no Real Decreto 463/2020, modificado polo Real Decreto 465/2020, e previa a con-



## Concello de Vigo

formidade do concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

1. Continuar da tramitación do presente procedemento administrativo de subvención nominativa núm. 17045-77, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, o cal ten por obxecto o “Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no marco do fomento do emprego para a potenciación do acompañamento e apoio ás vítimas de violencia de xénero”, sendo necesario para a protección do interese xeral, e xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado con que non se suspenda o prazo e, desta forma, evítase un prexuízo nos dereitos e intereses do administrado
  2. Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.
  3. Autorizar o gasto de **46.660,25 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020.
  4. Facultar ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, D. Abel Fermín Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.
  5. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia
- Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(273).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, HERÁCLITO BOTANA E ROUPEIRO)". EXPTE. 20/441.**

Visto o informe xurídico de data 11/03/2020 e o informe de fiscalización do 17/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/03/2020, asinado polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, a técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

- 1.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 25 de xaneiro de 2018, acordou: *«Aprobar o proxecto de HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERÁCLIO BOTANA)», redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación de CATROCENTOS OITENTA E SETE MIL VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (487.024,77 EUROS)».*
- 2.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de setembro de 2018, entre outros acordou: *“Adxudicar a ORESA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441) por un prezo total de 355.041,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.618,69 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*
- 3.-** Con data 3 de setembro de 2018, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das obras ao Enxeñeiro Técnico en Topografía, D. Pablo Saavedra Salgueiro e ao Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Jorge Muñoz Rama.
- 4.-** Con data 21 de setembro de 2018 formalizase o contrato das obras de “Humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón“ entre o Concello de Vigo e Oresa S.L., firmándose en data 19 de outubro de 2018 a acta de comprobación de replanteo negativa e posteriormente, en data 5 de novembro de 2018, a acta de comprobación do replanteo, dando comezo as obras ao día seguinte.
- 5.-** Con data 14 de abril de 2019, a Dirección facultativa emite informe técnico no que se indica o seguinte:



## Concello de Vigo

*“Con data 18 de abril de 2018, D<sup>a</sup> Isabel Thomas de Carranza del Pozo solicitou no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (documento 180057298) Acta de Liña Rasante da rúa Heraclito Botana, que se tramita baixo o expediente número 16502-411.*

*Posteriormente á data da aprobación do proxecto e da solicitude de acta liña rasante, o Enxeñeiro Municipal de Seguridade e Mobilidade á solicitude da Xerencia de Urbanismo emite informe de data 23 de maio de 2018 (expte. 3480/443), no que subliña a conveniencia e os beneficios que para a mobilidade do tráfico rodado suporía a apertura ao tráfico da rúa Heraclio Botana; ademais, engade que a apertura deste tramo tamén aportaría máis prazas de estacionamento para a zona.*

*A Comisión de Seguemento do PEEC- PEPRI de Bouzas de data 30 de xullo de 2018, á vista da proposta realizada pola Oficina de urbanización e Infraestruturas da XMU, na que se analizou a discrepancia entre o tramo afectado pola ficha do PEEC (manzana 24) -que recolle unha anchura de 9 metros- e o tramo da mesma rúa construído fóra do dito ámbito- que dispón dun ancho de 10 metros- acordou que o ancho do vial da rúa Heráclito Botana debe considerarse con unha anchura de 10 metros para a toda a rúa, segundo se contén na acta de liña e rasante (expediente 16502-411)”*

Polo que tal e como se describe no antedito informe técnico é preciso modificar a xeometría da planta do proxecto na rúa Heraclio Botana motivado pola emisión da Acta de liña e rasante da rúa Heraclio Botana (Expte 16502-4119), que determina a apertura ao tráfico da antedita rúa así como a modificación da xeometría proxectada neste tramo de viario. En consecuencia, a Dirección Facultativa solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “Humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón”, coa posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto.

| 70201002   | m              | TUBO Ø110 P.E. DOBLE PARED PARA CANALIZACIÓN DE SERVICIOS. COLOCADA EN ZANJA   | 146.00                | 3.43     | 500.78           | 146.00                 | 3.43     | 500.78           | 0.00          |
| 70201001   | m              | TUBO Ø63 P.E. DOBLE PARED PARA CANALIZACIÓN DE SERVICIOS. COLOCADA EN ZANJA  | 67.50                 | 1.95     | 131.63           | 67.50                  | 1.95     | 131.63           | 0.00          |
| 80202001   | ud             | ARQUETA PREF. HORM. DIMENSIONES INT 30x30x60 cm  | 3.00                  | 75.13    | 225.39           | 3.00                   | 75.13    | 225.39           | 0.00          |
| 80202020   | ud             | ARQUETA PREF. HORM. DIMENSIONES INT 60x60x100 cm   | 2.00                  | 198.69   | 397.38           | 2.00                   | 198.69   | 397.38           | 0.00          |
| 40101003   | m <sup>2</sup> | ZAHORRA ARTIFICIAL EXTENDIDA Y COMPACTADA  | 16.26                 | 20.07    | 326.34           | 16.26                  | 20.07    | 326.34           | 0.00          |
| 80402201   | ud             | GRUPO ÓPTICO LED RETROFIT 18 LEDS PARA FAROLA EXISTENTE MODELO ORIGIA  | 4.00                  | 326.87   | 1 307.48         | 5.00                   | 326.87   | 1 634.35         | 326.87        |
| 80301301   | m              | MONTANTE PARA LINEA DE ALUMBRADO TUBO ACERO INOX AISI304 Ø32mm. I/CABLEADO EN MANGUERA   | 4.00                  | 23.66    | 94.64            | 4.00                   | 23.66    | 94.64            | 0.00          |
| 80405500   | ud             | CAJA ESTANCA PARA EMPALME O DERIVACIÓN IP65-67   | 2.00                  | 11.12    | 22.24            | 2.00                   | 11.12    | 22.24            | 0.00          |
| 70102007   | m              | LÍNEA ELÉCTRICA RV-K 0,6/1 KV CU 4X(1X10) MM <sup>2</sup>  | 103.10                | 8.41     | 867.07           | 103.10                 | 8.41     | 867.07           | 0.00          |
| 70102002   | m              | LÍNEA ELÉCTRICA H07V-K 450/750V CU 1X16 MM <sup>2</sup> PARA TT  | 103.10                | 2.46     | 253.63           | 103.10                 | 2.46     | 253.63           | 0.00          |
| 80101102   | ud             | TOMA DE TIERRA INDEPENDIENTE ELECTRODO TIPO PICA DE ACERO COBREDO 2000x14mm  | 2.00                  | 67.35    | 134.70           | 2.00                   | 67.35    | 134.70           | 0.00          |
| 40105001   | m <sup>3</sup> | BASE DE HORMIGÓN HM-20/P/20/I PARA PAVIMENTOS  | 0.89                  | 82.42    | 73.35            | 0.89                   | 82.42    | 73.35            | 0.00          |
| 40601001   | m <sup>2</sup> | PAVIMENTO BALDOSAS DE GRANITO GRIS ALBA 60x40x6 CM, ACABADO FLAMEADO   | 5.90                  | 62.08    | 366.27           | 5.90                   | 62.08    | 366.27           | 0.00          |
| 900000001  | P.A            | DE ABONO INTEGRO PARA LEGALIZACIÓN FINAL DE OBRA Y ALTA DE SERVICIO  | 1.00                  | 4 500.00 | 4 500.00         | 1.00                   | 4 500.00 | 4 500.00         | 0.00          |
| 900000002  | P.A.           | A JUSTIFICAR, PARA LA INSTALACIÓN PROVISIONAL DE ILUMINACIÓN   | 1.00                  | 3 000.00 | 3 000.00         | 1.00                   | 3 000.00 | 3 000.00         | 0.00          |

### 3.7.- Mobiliario urbano, xardinería e rego

Inclúese o prezo novo PN-1 "Barandilla modelo Casco Vello o similar" segundo as FEC. O resto do subcapítulo non varía respecto do proxecto orixinal.

| HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN<br>(SERAFIN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA) |        |  | PRESUPUESTO PRIMITIVO |        |                 | PRESUPUESTO MODIFICADO |        |                 | VARIACIÓN       |
|--|--------|--|-----------------------|--------|-----------------|------------------------|--------|-----------------|-----------------|
| Código   | Unidad | Resumen                                    | Medición              | Precio | Im porte        | Medición               | Precio | Im porte        |                 |
| <b>03.07 MOBILIARIO URBANO, JARDINERÍA Y RIEGO</b>   |        |  |                       |        | <b>1 176.80</b> |                        |        | <b>5 701.08</b> | <b>4 524.28</b> |
| 120203002  | ud     | PAPELERA "MILENIUM" 80L CUBIERTA O SIMILAR | 1.00                  | 676.80 | 676.80          | 1.00                   | 676.80 | 676.80          | 0.00            |
| 170501100  | ud     | PLACA DE PUESTA EN VALOR                   | 1.00                  | 500.00 | 500.00          | 1.00                   | 500.00 | 500.00          | 0.00            |
| PN-1   | m      | BARANDILLA MODELO CASCO VELLO O SIMILAR    | 0.00                  | 0.00   | 0.00            | 15.20                  | 297.65 | 4 524.28        | 4 524.28        |

### 3.8.- Sinalización

Non hai variacións neste subcapítulo respecto o proxecto orixinal, mantense o mesmo importe.

| HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN<br>(SERAFIN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA) |        |   | PRESUPUESTO PRIMITIVO |        |               | PRESUPUESTO MODIFICADO |        |               | VARIACIÓN   |
|--|--------|---|-----------------------|--------|---------------|------------------------|--------|---------------|-------------|
| Código   | Unidad | Resumen   | Medición              | Precio | Im porte      | Medición               | Precio | Im porte      |             |
| <b>03.08 SEÑALIZACIÓN</b>  |        |   |                       |        | <b>746.86</b> |                        |        | <b>746.86</b> | <b>0.00</b> |
| 110101101  | m      | MARCA VIAL DE 10 CM P/TIPOII/RW LONG. O TRNSV. CON PINTURA ACRÍLICA B/AGUA  | 129.16                | 0.38   | 49.08         | 129.16                 | 0.38   | 49.08         | 0.00        |
| 110201014  | ud     | SEÑAL REFLEXIVA CUADRADA L=600 MM. CLASE RA3-ZC ALUMINIO, INCLUSO POSTE DE SUSTENTACION DE ALUMINIO (COLOR SEGÚN D.F.), ELEMENTOS DE SUJECCION, ANCLAJES Y CIMIENTO | 2.00                  | 348.89 | 697.78        | 2.00                   | 348.89 | 697.78        | 0.00        |

### 3.9.- Servizos afectados e seguimento arqueolóxico

As variacións realizadas neste subcapítulo atenden as circunstancias recollidas no artigo 242.4 da Lei 9/2017.

| HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN<br>(SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA) |        |  | PRESUPUESTO PRIMITIVO |          |                  | PRESUPUESTO MODIFICADO |                  |          | VARIACIÓN       |
|--|--------|--|-----------------------|----------|------------------|------------------------|------------------|----------|-----------------|
| Código   | Unidad | Resumen  | Medición              | Precio   | Im porte         | Medición               | Precio           | Im porte |                 |
| <b>03.09 SERVICIOS AFECTADOS Y SEGUIMIENTO ARQUEOLÓGICO</b>  |        |  |                       |          | <b>21 652.72</b> |                        | <b>24 213.83</b> |          | <b>2 561.11</b> |
| 20102002   | m³     | EXCAVACIÓN EN ZANJAS, POZOS Y CIMIENTOS EN CUALQUIER CLASE DE TERRENO, I/AGOTAMIENTO, CARGA Y TRANSPORTE A VERTEDERO O A LUGAR DE EMPLEO | 19.02                 | 3.79     | 72.09            | 46.97                  | 3.79             | 178.02   | 105.93          |
| 70201004   | m      | TUBO Ø160 P.E. DOBLE PARED PARA CANALIZACIÓN DE SERVICIOS. COLOCADA EN ZANJA   | 38.00                 | 5.34     | 202.92           | 26.00                  | 5.34             | 138.84   | -64.08          |
| 70202002   | ud     | ARQUETA PARA BT PARA DOS TAPAS DE U.F. DIMENSIONES INT. 884x527x940MM (REV2016)  | 2.00                  | 448.62   | 897.24           | 2.00                   | 448.62           | 897.24   | 0.00            |
| 70201003   | m      | TUBO Ø125 P.E. DOBLE PARED PARA CANALIZACIÓN DE SERVICIOS. COLOCADA EN ZANJA   | 138.40                | 6.70     | 927.28           | 138.40                 | 6.70             | 927.28   | 0.00            |
| 90201003   | ud     | ARQUETA DE HORMIGÓN, TIPO HF, DE 800X700 MM DE DIMENSIONES INTERIORES (REV2016)  | 4.00                  | 428.60   | 1 714.40         | 7.00                   | 428.60           | 3 000.20 | 1 285.80        |
| 20203150   | m³     | RELLENO LOCALIZADO EN ZANJAS CON MATERIAL DE PRÉSTAMO  | 18.45                 | 10.47    | 193.17           | 46.19                  | 10.47            | 483.61   | 290.44          |
| 600200001  | ud     | EJECUCIÓN SONDEO ARQUEOLÓGICO DE DIMENSIONES 3X2 M Y PROFUNDIDAD TOTAL 3 M   | 6.00                  | 1 524.27 | 9 145.62         | 6.00                   | 1 524.27         | 9 145.62 | 0.00            |
| 900000003  | PA     | SERVICIOS AFECTADOS E IMPREVISTOS  | 1.00                  | 8 500.00 | 8 500.00         | 1.00                   | 8 500.00         | 8 500.00 | 0.00            |
| 70201001   | m      | TUBO Ø63 P.E. DOBLE PARED PARA CANALIZACIÓN DE SERVICIOS. COLOCADA EN ZANJA  | 0.00                  | 1.95     | 0.00             | 483.60                 | 1.95             | 943.02   | 943.02          |

#### 4.- CAPÍTULO 4: SEGURIDAD Y SALUD

| HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN<br>(SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA) |        |                                    | PRESUPUESTO PRIMITIVO |          |                 | PRESUPUESTO MODIFICADO |                 |          | VARIACIÓN   |
|--|--------|------------------------------------|-----------------------|----------|-----------------|------------------------|-----------------|----------|-------------|
| Código   | Unidad | Resumen                            | Medición              | Precio   | Importe         | Medición               | Precio          | Im porte |             |
| <b>04 SEGURIDAD Y SALUD</b>  |        |                                    |                       |          | <b>6 569.07</b> |                        | <b>6 569.07</b> |          | <b>0.00</b> |
| 900000007  | PA     | SEGURIDAD Y SALUD SEGÚN ANEJO Nº13 | 1.00                  | 6 569.07 | 6 569.07        | 1.00                   | 6 569.07        | 6 569.07 | 0.00        |

*Este capítulo non sofre modificacións porque as medidas de seguridade a implantar e o prazo de obra non se modifican.*

#### 5.- CAPÍTULO 5: XESTIÓN DE RESIDUOS

*Este capítulo non sofre modificacións porque os volumes de xestión de residuos previstos non se modifican.*

| HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN<br>(SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA) |        |                     | PRESUPUESTO PRIMITIVO |          |                 | PRESUPUESTO MODIFICADO |                 |          | VARIACIÓN   |
|--|--------|---------------------|-----------------------|----------|-----------------|------------------------|-----------------|----------|-------------|
| Código   | Unidad | Resumen             | Medición              | Precio   | Im porte        | Medición               | Precio          | Im porte |             |
| <b>05 GESTIÓN DE RESIDUOS</b>  |        |                     |                       |          | <b>4 783.84</b> |                        | <b>4 783.84</b> |          | <b>0.00</b> |
| 800000001  | ud     | GESTIÓN DE RESIDUOS | 1.00                  | 4 783.84 | 4 783.84        | 1.00                   | 4 783.84        | 4 783.84 | 0.00        |

#### V.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

*Para a execución das actuacións proxectadas no proxecto modificado Nº1, non se considere necesario a ampliación do prazo.*

#### VI. CONCLUSIONS

*As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº1 das obras de "HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN: RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA" estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial, que son de interese público e que as mesmas se encontran contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15 b. das FEC, tal como se define no presente informe.*

*Asemade considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria de leste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se*





## Concello de Vigo

expoñen non alteran as condicións recollidas no PCAP, que rexen a contratación das obras de HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN: RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERACLIO BOTANA.

Para a creación dos prezos contraditorios recolleitos no presente proxecto modificado nº1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases que as do proxecto orixinal aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais, para a contratación de Obras do Estado.

As modificacións propostas neste expediente en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente quedan resumidas nas táboas seguintes:

| Capítulo   | Presupuesto Inicial | Presupuesto Modificado | Modificaciones según FEC | Variaciones de medición | Precios según Artículo 242.4 ii | Diferencia       |
|--|---------------------|------------------------|--------------------------|-------------------------|---------------------------------|------------------|
| <b>01 RÚA SERAFÍN AVENDAÑO</b>                       | <b>75 659.13</b>    | <b>73 354.48</b>       | <b>0.00</b>              | <b>-7 179.01</b>        | <b>4 874.36</b>                 | <b>-2 304.65</b> |
| 01.01 ACTUACIONES PREVIAS                            | 5 101.99            | 4 759.56               | 0.00                     | -342.43                 | 0.00                            | -342.43          |
| 01.02 FIRMES Y PAVIMENTOS                            | 21 310.38           | 19 884.39              | 0.00                     | -1 425.99               | 0.00                            | -1 425.99        |
| 01.03 RED DE DRENAJE                                 | 3 973.38            | 2 921.61               | 0.00                     | -1 051.77               | 0.00                            | -1 051.77        |
| 01.04 RED DE ABASTECIMIENTO                          | 7 387.13            | 4 125.85               | 0.00                     | -3 261.28               | 0.00                            | -3 261.28        |
| 01.05 RED DE ALUMBRADO PÚBLICO                       | 18 105.77           | 17 517.61              | 0.00                     | -588.16                 | 0.00                            | -588.16          |
| 01.06 MOBILIARIO URBANO, JARDINERÍA Y RIEGO          | 3 308.39            | 3 233.26               | 0.00                     | -75.13                  | 0.00                            | -75.13           |
| 01.07 SEÑALIZACIÓN Y RED SEMAFÓRICA                  | 3 399.28            | 2 965.03               | 0.00                     | -434.25                 | 0.00                            | -434.25          |
| 01.08 SERVICIOS AFECTADOS Y SEGUIMIENTO ARQUEOLÓGICO | 13 072.81           | 17 947.17              | 0.00                     | 0.00                    | 4 874.36                        | 4 874.36         |
| <b>02 RÚA HERACLIO BOTANA</b>                        | <b>143 425.01</b>   | <b>160 569.10</b>      | <b>17 144.09</b>         | <b>0.00</b>             | <b>0.00</b>                     | <b>17 144.09</b> |
| 02.01 ACTUACIONES PREVIAS                            | 7 907.65            | 7 923.13               | 15.48                    | 0.00                    | 0.00                            | 15.48            |
| 02.02 FIRMES Y PAVIMENTOS                            | 46 967.30           | 50 536.79              | 3 569.49                 | 0.00                    | 0.00                            | 3 569.49         |
| 02.03 RED DE DRENAJE                                 | 8 084.69            | 11 045.13              | 2 960.44                 | 0.00                    | 0.00                            | 2 960.44         |
| 02.04 RED DE SANEAMIENTO                             | 16 039.67           | 16 039.67              | 0.00                     | 0.00                    | 0.00                            | 0.00             |
| 02.05 RED DE ABASTECIMIENTO                          | 11 606.89           | 11 609.26              | 2.37                     | 0.00                    | 0.00                            | 2.37             |
| 02.06 RED DE ALUMBRADO PÚBLICO                       | 16 980.09           | 17 336.11              | 356.02                   | 0.00                    | 0.00                            | 356.02           |
| 02.07 MOBILIARIO URBANO, JARDINERÍA Y RIEGO          | 6 801.81            | 10 585.83              | 3 784.02                 | 0.00                    | 0.00                            | 3 784.02         |
| 02.08 SEÑALIZACIÓN                                   | 2 516.85            | 2 527.82               | 10.97                    | 0.00                    | 0.00                            | 10.97            |
| 02.09 SERVICIOS AFECTADOS Y SEGUIMIENTO ARQUEOLÓGICO | 26 520.06           | 32 965.36              | 6 445.30                 | 0.00                    | 0.00                            | 6 445.30         |
| <b>03 RÚA ROUPEIRO</b>                               | <b>107 798.08</b>   | <b>125 918.49</b>      | <b>4 524.28</b>          | <b>13 596.13</b>        | <b>0.00</b>                     | <b>18 120.41</b> |
| 03.01 ACTUACIONES PREVIAS                            | 5 926.88            | 6 913.14               | 0.00                     | 986.26                  | 0.00                            | 986.26           |
| 03.02 FIRMES Y PAVIMENTOS                            | 29 304.77           | 39 026.66              | 0.00                     | 9 721.89                | 0.00                            | 9 721.89         |
| 03.03 RED DE DRENAJE                                 | 10 787.92           | 10 787.92              | 0.00                     | 0.00                    | 0.00                            | 0.00             |
| 03.04 RED DE SANEAMIENTO                             | 19 993.22           | 19 993.22              | 0.00                     | 0.00                    | 0.00                            | 0.00             |
| 03.05 RED DE ABASTECIMIENTO                          | 5 932.10            | 5 932.10               | 0.00                     | 0.00                    | 0.00                            | 0.00             |
| 03.06 RED DE ALUMBRADO PÚBLICO                       | 12 276.81           | 12 603.68              | 0.00                     | 326.87                  | 0.00                            | 326.87           |
| 03.07 MOBILIARIO URBANO, JARDINERÍA Y RIEGO          | 1 176.80            | 5 701.08               | 4 524.28                 | 0.00                    | 0.00                            | 4 524.28         |
| 03.08 SEÑALIZACIÓN                                   | 746.86              | 746.86                 | 0.00                     | 0.00                    | 0.00                            | 0.00             |
| 03.09 SERVICIOS AFECTADOS Y SEGUIMIENTO ARQUEOLÓGICO | 21 652.72           | 24 213.83              | 0.00                     | 2 561.11                | 0.00                            | 2 561.11         |
| <b>04 SEGURIDAD Y SALUD</b>                          | <b>6 569.07</b>     | <b>6 569.07</b>        | <b>0.00</b>              | <b>0.00</b>             | <b>0.00</b>                     | <b>0.00</b>      |
| <b>05 GESTIÓN DE RESIDUOS</b>                        | <b>4 783.84</b>     | <b>4 783.84</b>        | <b>0.00</b>              | <b>0.00</b>             | <b>0.00</b>                     | <b>0.00</b>      |
| <b>Presupuesto de ejecución material</b>             | <b>338 235.13</b>   | <b>371 194.98</b>      | <b>21 668.37</b>         | <b>6 417.12</b>         | <b>4 874.36</b>                 | <b>32 959.85</b> |
| Gastos generales 13 %                                | 43 970.57           | 48 255.35              | 2 816.89                 | 834.23                  | 633.67                          | 4 284.78         |
| Beneficio industrial 6 %                             | 20 294.11           | 22 271.70              | 1 300.10                 | 385.03                  | 292.46                          | 1 977.59         |
| <b>Suma</b>  | <b>402 499.81</b>   | <b>441 722.03</b>      | <b>25 785.36</b>         | <b>7 636.38</b>         | <b>5 800.49</b>                 | <b>39 222.22</b> |
| IVA 21 %   | 84 524.96           | 92 761.63              | 5 414.93                 | 1 603.64                | 1 218.10                        | 8 236.67         |
| <b>Presupuesto base de licitación</b>                | <b>487 024.77</b>   | <b>534 483.66</b>      | <b>31 200.29</b>         | <b>9 240.02</b>         | <b>7 018.59</b>                 | <b>47 458.89</b> |
| <b>Presupuesto de adjudicación (Con baja)</b>        | <b>355 041.04</b>   | <b>389 638.57</b>      | <b>22 745.01</b>         | <b>6 735.97</b>         | <b>5 116.55</b>                 | <b>34 597.53</b> |

En relación a inclusión de prezos novos fixados contraditoriamente sinalar que os mesmos se estableceron durante a execución da obra e non supuxeron incremento do prezo global do contrato.

|   | E.M.      | LÍQUIDO   | %    |
|---|-----------|-----------|------|
| Modificaciónes según art. 15 de las FEC         | 21 668.37 | 22 745.01 | 6.41 |
| Variaciónes de medición (Art. 242.4 de la LCSP) | 11 291.48 | 11 852.52 | 3.34 |
| SUMA  | 32 959.85 | 34 597.53 | 9.74 |

En relación ás unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato non supera as limitacións establecidas no PCAP do contrato, xa que no apartado do 15.d das FEC, límites da modificación, sinálase que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.

Ademais, tendo en conta o art 160.2 do Regulamento 1098/2001, recóllense no presente modificado as lixeiras variacións de medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal que non igualan, nin exceden, en máis ou en menos ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que se dá cumprimento ao art 242.4i da Lei 9/2017 de contratos.”

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece na súa Disposición transitoria primeira que a normativa relativa aos efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e réxime de prórrogas, se aplicará a todos os contratos administrativos, salvo a aqueles adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei. No presente caso, segundo consta nos antecedentes, o contrato administrativo foi adxudicado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP, o que determina que o réxime da súa modificación rexerese pola normativa vixente.

II.- O artigo 190 da LCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;



## Concello de Vigo

b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

**III.-** En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP, no apartado 15 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 2 de marzo de 2018, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra de actuacións previas, firmes e pavimentos, rede de drenaxe, rede de abastecemento, rede de saneamento, rede de alumeadado público, mobiliario urbano, xardinería e rego, sinalización e rede semaforica, servizos afectados e seguimento arqueolóxico, seguridade e saúde e xestión de residuos
- Circunstancias que determinan a modificación:
  - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto
  - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

**IV.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
  - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

**V.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

**VI.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que, no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**VII.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 15 das FEC do PCAP reitor do contrato.



## Concello de Vigo

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 25.04.2019.

3º.- Consta audiencia do redactor do proxecto, sen que formulara, en data 02.03.2020, consideracións ao mesmo. (Trámite 622 e 639 do expediente dixital)

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste, en data 03.03.2020, respecto á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.(Trámite 621 e 641 do expediente dixital)

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 04.03.2020.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP, así como a inclusión de prezos novos que no supoñen incremento do prezo global do contrato ni afectan a unidades de obra que no seu conxunto excedan do 3% do orzamento primitivo do mesmo (art.242.4.ii).

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 204 da LCSP respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**VIII.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP a seguinte proposta de acordo:

**1º.-** Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de "**HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, E GARCÍA BARBÓN: RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, HERACLIO BOTANA E ROUPEIRO**" redactado polo Enxeñeiro Técnico en Topografía, D. Pablo Saavedra Salueiro e polo Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Jorge Muñoz Rama, cun importe adicional de 32.959,85 € de Orzamento de Execución Material, o que supón un incremento adicional líquido de 34.597,53 € €, supoñendo un 6,41 % de modificación sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas contempladas no apartado 15 das FEC e un 3,34% por variacións de medicións (artigo 242.4 da LCSP).

2º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532.6190015 a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

3º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Instar á mercantil ORESA, S.L adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior. As obras afectadas pola modificación non poderán iniciarse mentres non se formalice o contrato modificado.

5º.- Unha vez formalizada a modificación do contrato, instar ao contratista á reanudación das obras no prazo máximo de 10 días hábiles, a contar dende á formalización da modificación.

6º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(274).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍNDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS - LOTE 1 "TURISMOS E FURGONETAS". EXPTE.12659/445.**

Visto o informe xurídico do 14/04/2020 e informe de fiscalización do 16/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/04/2020, asinado polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, o responsable do contrato e xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 15/03/2018, na súa calidade de órgano de contratación acordou adxudicar a TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756), o contrato de servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1. (12659-445) por un importe total de 240.000,00 € sendo a cota correspondente ao IVE de 41.652,89 €, cun 10% de desconto sobre os prezos unitarios derivados dos elementos necesarios para os servizos ou subministros obxecto do contrato e cun desconto do 5% sobre os prezos unitarios para o custo de man de obra.



## Concello de Vigo

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 27/04/2018, constando na Cláusula 4 do mesmo o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte á da última sinatura dixital.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor de esta lei rexeranse pola mesma, polo que se refire os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso, non constando oposición.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polos técnicos que subscriben propor a prórroga do contrato de servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1, por un período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 28 de abril de 2020 ao 27 de abril de 2021, sendo que o prezo anual ascende a un total de CIENTO VINTE MIL EUROS (120.000 €) sendo a cota correspondente ao IVE de corenta e un mil seiscentos cincuenta e dous euros e oitenta e nove céntimos (20.826,45 €).

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación, mantemento e conservación do material” e 9202.2211100 “Reposto elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

|                      |              | 2020        | 2021        | Total        |
|----------------------|--------------|-------------|-------------|--------------|
| 28/04/20 ao 31/12/20 | 9202.2140000 | 27.000,00 € | 13.000,00 € | 40.000,00 €  |
| 01/01/21 ao 27/04/21 | 9202.2211100 | 54.000,00 € | 26.000,00 € | 80.000,00 €  |
|                      | TOTAL        | 81.000,00 € | 39.000,00 € | 120.000,00 € |

**Oitavo.-** Excepcionalidade da suspensión de tramites e prazos nos procedementos administrativos. Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Establece a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, a suspensión dos prazos administrativos, prevéndose incluso que é precisa unha resolución motivada para adoptar medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Neste caso considerase que na actual situación de crise resulta absolutamente imprescindible a tramitación da prórroga do contrato do servizo de reparacións de vehículos da flota municipal, para garantir a continuidade no funcionamento básico dos servizos públicos que presta o Concello de Vigo e a conseguinte protección do interese xeral.

Asemade, de conformidade co apartado 3 da Disposición Adicional 3ª, neste caso existe un interesado perfectamente individualizado no procedemento, que é o contratista adxudicatario do contrato e que presta a súa conformidade.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Acordar a continuación da tramitación da prórroga do contrato de “Servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1 “turismos e furgonetas”, expediente nº 12659-445, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a continuación do servizo de reparacións da flota de vehículos municipais, sendo preciso e esencial para o funcionamento básico dos servizos públicos que presta o Concello de Vigo e a conseguinte protección do interese xeral e constar a conformidade do contratista, único interesado no procedemento.





## Concello de Vigo

**Segundo.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1 “*turismos e furgonetas*”. (12659-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756) polo período comprendido desde o 28 de abril de 2020 ata o 27 de abril de 2021.

**Terceiro-** Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1. (12659-445) a favor da entidade mercantil TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756) por importe de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,45 €; imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación, mantemento e conservación do material” e 9202.2211100 “Repuesto elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

|                      |              | 2020        | 2021        | Total        |
|----------------------|--------------|-------------|-------------|--------------|
| 28/04/20 ao 31/12/20 | 9202.2140000 | 27.000,00 € | 13.000,00 € | 40.000,00 €  |
| 01/01/21 ao 27/04/21 | 9202.2211100 | 54.000,00 € | 26.000,00 € | 80.000,00 €  |
|                      | TOTAL        | 81.000,00 € | 39.000,00 € | 120.000,00 € |

**Cuarto.-** Notificar á empresa adjudicataria TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Quinto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(275).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA FILIPINAS FASE I”. EXPTE. 5539/440.**

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 03/04/2020, asinado polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, o

xefe dos Servizos Xurídicos-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### **Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluíran no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión de dita concesionaria.

III.- Con data 15 de maio de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia”; informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 15 de maio de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia”.

IV.- Con data 21 de febreiro de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA FILIPINAS FASE I**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, Javier Zubia Fernández, que recolle unha actuación que pola súa ubicación e natureza queda comprendida dentro do alcance da encomenda para a “*Sustitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia*”. Este proxecto ten un orzamento base de licitación de **SESENTA E TRES MIL TRESCENTOS TRINTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CENTIMOS (63.331,95)**, IVE excluído, de data Febreiro de 2020 e con sinatura dixital de data 17/02/2020. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:



## Concello de Vigo

| TRABALLO                           | COLABORADOR           | HONORARIOS |
|------------------------------------|-----------------------|------------|
| Redacción de proxecto              | Zubía Ingenieros      | 1.064,40 € |
| Asistencia técnica á D.O.          | Zubía Ingenieros      | 1.064,40 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | Proyegal              | 266,10 €   |
|                                    | SUMA                  | 2.394,90 € |
|                                    | 11% Gastos de Xestión | 263,44 €   |
|                                    | TOTAL (IVE excluído)  | 2.658,34 € |

**VI.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data 31 de marzo de 2020, emite informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.-** Con data 31 de marzo de 2020 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Municipais, emiten informe no que indican, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, corresponden cos ratios aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria é adecuado ao custe do mercado actual.

### Consideracións Técnicas e Xurídicas

**Primeira.-** O procedemento para a aprobación dos proxectos de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

**Segunda.-** Habida conta do orzamento das obras relativas á RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA FILIPINAS FASE 1" e a súa natureza, non resulta preceptivo o informe de supervisión de proxectos (artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público) e cabe a simplificación da documentación, de acordo co disposto no artigo 233 da Lei 9/2017 e no artigo 126 do Regulamento da Lei de Contratos, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

**Terceira.-** O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal de data 31 de marzo de 2020 responde aos obxectivos propostos. Polo demais, segundo se especifica no informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013 e os custos asociados á actuación observan as porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

**Cuarta.-** Xustificación tramitación durante Estado Alarma.- Durante a tramitación procedeuse á aprobación do RD 463/2020 (BOE de 14 de marzo de 2020), polo que se declara o estado de alarma, posteriormente modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo (BOE 18 de marzo de 2020).

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, establece na súa Disposición Adicional Terceira, a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos administrativos das entidades do sector público; non obstante o cal o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo, así como acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos

No presente caso, a proposta sometida a aprobación refírese a un procedemento indispensable para a protección do interese xeral xa que se trata dunha actuación necesaria para permitir o funcionamento dun servizo público obrigatorio e esencial – o abastecemento de auga- inclusive fundamental para manter a salubridade pública.

**Quinta.-** A aprobación dos proxectos, de conformidade co antedito acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Por todo o exposto, e unha vez incorporado ao expediente o informe de fiscalización, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

#### **ACORDO**

**Primeiro.-**Acordar a continuidade do procedemento, por canto a caso a proposta sometida a aprobación no presente expediente -Renovación da rede de abastecemento na Rúa Filipinas fase I- refírese a unha actuación indispensable para a protección do interese xeral xa que se trata de dar continuidade ao funcionamento básico dun servizo público obrigatorio e esencial –o abastecemento de auga- inclusive fundamental para manter a salubridade pública.

**Segundo.-** Aprobar o proxecto técnico de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO NA RÚA FILIPINAS FASE 1**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, Javier Zubía Fernández cun orzamento base de licitación de SESENTA E TRES MIL TREC-CENTOS TRINTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (63.331,95), IVE excluído, de data Febreiro de 2020 e con sinatura dixital de data 17/02/2020.

**Terceiro.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “Renovación da rede de abastecemento na Rúa Filipinas, Fase I” por un importe de 2.658,34 €, (IVE excluído) desglosado do seguinte xeito:



## Concello de Vigo

| TRABALLO                           | COLABORADOR           | HONORARIOS |
|------------------------------------|-----------------------|------------|
| Redacción de proxecto              | Zubía Ingenieros      | 1.064,40 € |
| Asistencia técnica á D.O.          | Zubía Ingenieros      | 1.064,40 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | Proyegal              | 266,10 €   |
|                                    | SUMA                  | 2.394,90 € |
|                                    | 11% Gastos de Xestión | 263,44 €   |
|                                    | TOTAL (IVE excluído)  | 2.658,34 € |

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo que comenza ao día seguinte ao da súa notificación e ata un mes despois do cese do Estado de Alarma, declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar o día seguinte ao do cese do dito Estado de Alarma. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dictar e notificar a resolución do recurso.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(276).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA FILIPINAS FASE II”. EXPTE. 5539/440.**

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 03/04/2020, asinado polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### **Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mes-

mo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 15 de maio de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia”; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 15 de maio de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia”.

IV.- Con data 21 de febreiro de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA FILIPINAS FASE II**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Javier Zubía, que recolle unha actuación que pola súa ubicación e natureza queda comprendida dentro do alcance da encomenda para a “*Sustitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia*”. Este proxecto ten un orzamento base de licitación de CINCUENTA E SETE MIL SETECENTOS TRINTA E CUATRO EUROS CON TRECE CENTIMOS (57.734,13), sen IVE de data Febreiro de 2020 e con sinatura dixital de 17/02/2020. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO                           | COLABORADOR           | HONORARIOS |
|------------------------------------|-----------------------|------------|
| Redacción de proxecto              | Zubía Ingenieros      | 970,32 €   |
| Asistencia técnica á D.O.          | Zubía Ingenieros      | 970,32 €   |
| Coordinación de seguridade e saúde | Proyegal              | 242,58 €   |
|                                    | SUMA                  | 2.183,22 € |
|                                    | 11% Gastos de Xestión | 240,15 €   |
|                                    | TOTAL (IVE excluído)  | 2.423,37 € |



## Concello de Vigo

**VI.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data 31 de marzo de 2020, emite informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.-** Con data 31 de marzo de 2020 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Municipais, emiten informe no que indican, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, corresponden cos ratios aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria é adecuado ao custe do mercado actual.

### Consideracións Técnicas e Xurídicas

**Primeira.-** O procedemento para a aprobación dos proxectos de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

**Segunda.-** Habida conta do orzamento das obras relativas á “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA FILIPINAS FASE II” e a súa natureza, non resulta preceptivo o informe de supervisión de proxectos (artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público) e cabe a simplificación da documentación, de acordo co disposto no artigo 233 da Lei 9/2017 e no artigo 126 do Regulamento da Lei de Contratos, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

**Terceira.-** O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal de data 31 de marzo de 2020 responde aos obxectivos propostos. Polo demais, segundo se especifica no informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013 e os custos asociados á actuación observan as porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

**Cuarta.-** Xustificación tramitación durante Estado Alarma.- Durante a tramitación procedeuse á aprobación do RD 463/2020 (BOE de 14 de marzo de 2020), polo que se declara o estado de alarma, posteriormente modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo (BOE 18 de marzo de 2020).

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, establece na súa Disposición Adicional Terceira, a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para

a tramitación dos procedementos administrativos das entidades do sector público; non obstante o cal o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo, así como acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos

No presente caso, a proposta sometida a aprobación refírese a un procedemento indispensable para a protección do interese xeral xa que se trata dunha actuación necesaria para permitir o funcionamento dun servizo público obrigatorio e esencial – o abastecemento de auga- inclusive fundamental para manter a salubridade pública.

**Quinta.-** A aprobación dos proxectos, de conformidade co antedito acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Por todo o exposto, e unha vez incorporado ao expediente o informe de fiscalización, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Acordar a continuidade do procedemento, por canto a caso a proposta sometida a aprobación no presente expediente -Renovación da rede de abastecemento na Rúa Filipinas fase II- refírese a unha actuación indispensable para a protección do interese xeral xa que se trata de dar continuidade ao funcionamento básico dun servizo público obrigatorio e esencial –o abastecemento de auga- inclusive fundamental para manter a salubridade pública.

**Segundo.-** Aprobar o proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA FILIPINAS FASE II**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Javier Zubía, cun orzamento base de licitación de CINCUENTA E SETE MIL SETECENTOS TRINTA E CUATRO EUROS CON TRECE CENTIMOS (57.734,13), IVE excluído, de data Febreiro de 2020 e con sinatura dixital de 17/02/2020.

**Terceiro.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de Renovación da rede de abastecemento na Rúa FILIPINAS, FASE II por un importe de 2.423,37 €, (IVE excluído) desglosado do seguinte xeito:

| TRABALLO                  | COLABORADOR      | HONORARIOS |
|---------------------------|------------------|------------|
| Redacción de proxecto     | Zubía Ingenieros | 970,32 €   |
| Asistencia técnica á D.O. | Zubía Ingenieros | 970,32 €   |





## Concello de Vigo

|                                    |                       |            |
|------------------------------------|-----------------------|------------|
| Coordinacion de seguridade e saúde | Proyegal              | 242,58 €   |
|                                    | SUMA                  | 2.183,22 € |
|                                    | 11% Gastos de Xestión | 240,15 €   |
|                                    | TOTAL (IVE excluído)  | 2.423,37 € |

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo que comenza ao día seguinte ao da súa notificación e ata un mes despois do cese do Estado de Alarma, declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar o día seguinte ao do cese do dito Estado de Alarma. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dictar e notificar a resolución do recurso.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación de proxecto e custos asociados aos mesmos para a “Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a Avda. Hispanidade e a Praza do Bicentenario” Expte. 6511/440..

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**10(277).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A “RENOVACIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO NA AVENIDA CAMELIAS, ENTRE A AVDA. HISPANIDADE E A PRAZA DO BICENTENARIO” EXPTE. 6511/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 20/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 22/04/2020 asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión de dita concesionaria.

III.- Con data 8 de abril de 2020 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a avda Hispanidade e a praza do Bicentenario”; informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de mesma data, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de



## Concello de Vigo

“Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a avda Hispanidade e a praza do Bicentenario”.

**IV.-** Consta no expediente administrativo de referencia, resolución favorable da Consellería de Cultura de data 16.04.2020, autorizando á realización do control arqueolóxico das obras de renovación da tubaxe de abastecemento na avenida Camelias, entre a avda. Hispanidade e a praza do Bicentenario, por atoparse ditas obras afectadas pola cautela arqueolóxica do xacemento do Monte do Castro.

**V.-** Con data 17 de abril de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **“Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a avenida Hispanidade e a praza do Bicentenario”**, redactado pola Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, Trinidad Lopez Rodriguez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL QUINIENTOS DAZASEIS EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (162.516,15 EUROS) e data abril de 2020. e CENTO TRINTA E CUATRO MIL TRESCENTOS DEZ €UROS CON OITENTA E SETE CENTIMOS (134.310,87), sin IVE, con sinatura dixital de data 17/04/2020.

**VI.-** Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO                           | COLABORADOR                            | HONORARIOS  |
|------------------------------------|--|-------------|
| Redacción de proxecto              | Galaicontrol                           | 2.257,33 €  |
| Asistencia técnica á D.O.          | Galaicontrol                           | 2.257,33 €  |
| Control arqueolóxico               | Eva Albadalejo y Paula Méndez Santiago | 5.800,00 €  |
| Coordinacion de seguridade e saúde | Proyegal                               | 564,33 €    |
|                                    | SUMA                                   | 10.878,99 € |
|                                    | 11% Gastos de Xestión                  | 1.196,69 €  |
|                                    | TOTAL (IVE excluído)                   | 12.075,68 € |

**VII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data 20 de abril de 2020, emite informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VIII.-** Con data 20 de abril de 2020 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Municipais, emiten informe no que indican, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, corresponden cos ratios aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria é adecuado ao custe do mercado actual.

## **Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**Primeira.-** O procedemento para a aprobación dos proxectos de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

**Segunda.-** Habida conta do orzamento das obras relativas á “**RENOVACIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMENTO NA AVENIDA CAMELIAS, ENTRE A AVDA HISPANIDADE E A PRAZA DO BICENTENARIO**” e a súa natureza, non resulta preceptivo o informe de supervisión de proxectos (artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público) e cabe a simplificación da documentación, de acordo co disposto no artigo 233 da Lei 9/2017 e no artigo 126 do Regulamento da Lei de Contratos, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

**Terceira.-** O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal de data 20 de abril de 2020 responde aos obxectivos propostos. Polo demais, segundo se especifica no informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013 e os custos asociados á actuación observan as porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

**Cuarta.-** Xustificación tramitación durante Estado Alarma.- Durante a tramitación procedeuse á aprobación do RD 463/2020 (BOE de 14 de marzo de 2020), polo que se declara o estado de alarma, posteriormente modificado polo RD 465/2020, de 17 de marzo (BOE 18 de marzo de 2020).

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, establece na súa Disposición Adicional Terceira, a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos administrativos das entidades do sector público; non obstante o cal o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo, así como acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos

No presente caso, a proposta sometida a aprobación refírese a un procedemento indispensable para a protección do interese xeral xa que se trata dunha actuación necesaria para permitir o funcionamento dun servizo público obrigatorio e esencial – o abastecemento de auga- inclusive fundamental para manter a salubridade pública.

Asemade, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 09.04.2020, acordou entre outros, excepción da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos a tramitación interna dos expedientes de contratación.



## Concello de Vigo

**Quinta.-** A aprobación dos proxectos, de conformidade co antedito acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Por todo o exposto, e unha vez incorporado ao expediente o informe de fiscalización, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

### ACORDO

**Primeiro.-** Acordar a continuidade do procedemento, por canto a caso a proposta sometida a aprobación no presente expediente -Renovación da tubaxe de abastecemento na avenida Camelias, entre a avenida Hispanidade e a praza do Bicentenario- refírese a unha actuación indispensable para a protección do interese xeral xa que se trata de dar continuidade ao funcionamento básico dun servizo público obrigatorio e esencial –o abastecemento de auga- inclusive fundamental para manter a salubridade pública.

**Segundo.-** Aprobar o proxecto técnico de “**RENOVACIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECEMENTO NA AVENIDA CAMELIAS, ENTRE A AVDA HISPANIDADE E A PRAZA DO BICENTENARIO**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS DEZASEIS EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (162.516,15 EUROS) e data abril de 2020 e con sinatura dixital de data 17/04/2020.

**Terceiro.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “Renovación da tubaxe de abastecemento na avenida Camelias, entre a avenida Hispanidade e a praza do Bicentenario” por un importe de 12.075,68 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO                           | COLABORADOR                            | HONORARIOS  |
|------------------------------------|--|-------------|
| Redacción de proxecto              | Galaicontrol                           | 2.257,33 €  |
| Asistencia técnica á D.O.          | Galaicontrol                           | 2.257,33 €  |
| Control arqueolóxico               | Eva Albadalejo y Paula Méndez Santiago | 5.800,00 €  |
| Coordinación de seguridade e saúde | Proyegal                               | 564,33 €    |
|                                    | SUMA                                   | 10.878,99 € |
|                                    | 11% Gastos de Xestión                  | 1.196,69 €  |
|                                    | TOTAL (IVE excluído)                   | 12.075,68 € |

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo que comenza ao día seguinte ao da súa notificación e ata un mes despois do cese do Estado de Alarma, declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Conteno-

cioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar o día seguinte ao do cese do dito Estado de Alarma. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dictar e notificar a resolución do recurso.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(278).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez